

Acta da reunión do Consello de Departamento**ASISTENTES**

Álvarez Sabucedo, Luis M.
Anido Rifón, Luis E.
Blanco Fernández, Yolanda
Costa Montenegro, Enrique
Díaz Redondo, Rebeca P.
Fernández Iglesias, Manuel J.
Fernández Veiga, Manuel
García Duque, Jorge
Gil Castiñeira, Felipe
González Castaño, Francisco J.
Herrería Alonso, Sergio
López Ardao, José C.
López Bravo, Cristina
López Nores, Martín
Mikic Fonte, Fernando Ariel
Rodríguez Pérez, Miguel
Rodríguez Rubio, Raúl F.
Santos Gago, Juan M.
Sousa Vieira, Estela
Suárez González, Andrés

Fondo Ferreiro, Pablo
Liz Domínguez, Martín
López Escobar, Juan José

ESCUSAN ASISTENCIA

Burguillo Rial, Juan C.
Caeiro Rodríguez, Manuel
Gil Solla, Alberto
Llamas Nistal, Martín
Pazos Arias, José Juan

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática do 11 de xaneiro de 2023, convocada para as 12:30 horas en primeira convocatoria e para as 13:00 horas en segunda convocatoria na aula B003.

O 11 de xaneiro de 2023 ás 13:04 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Non tendo recibido alegacións, queda aprobada a acta do día 30 de novembro de 2022.

2. Informe do Director.

O Director informa sobre os seguinte puntos:

- Perante as desavinzas reiteradas cun dos representantes do DET na comisión de reestruturación do GETT respecto á transmisión das posicións do DET e a comunicación e organización interna dentro do departamento para os fins encomendados pola comisión do GETT, a dirección decidiu cesar no seu papel de representante ó profesor Manuel Fernández Veiga. O director pide desculpas en público despois de facelo en privado ó interesado polas formas nas que, o propio director, realizou esta comunicación ó resto do profesorado por teren sido altamente desafortunadas.
- Anima a presentar propostas de materias de especialidade e optativas, ó tempo que informa da próxima xuntanza o mércores 18 para a súa discusión. O profesor Carlos López Ardao recomenda a presentación de propostas conxuntas pero completas, para o total da especialidade. O profesor Jorge García Duque indica que el presenta en nome doutros profesores unhas propostas tamén coa finalidade de dimitir ó resto a participar e que entende que haberá varias iteracións. O director indica que ambas estratexias poden ser complementarias e que na reunión prevista poderán contrastarse de cara a unha proposta completa consensuada. Realízanse comentarios ó respecto da presencialidade das materias e da necesidade de avanzar.

Intervén ó final deste punto a profesora Rebeca Díaz Redondo indicando que, en relación ó punto do cese do profesor Manuel Fernández Veiga solicita que conste que entende que hai carencias non só nas formas senón tamén no fondo da cuestión xa que este profesor foi sempre moi participativo nos temas relativos ás modificacións do plan de estudos e non se lle deu oportunidade de contribuír na comisión polo pouco tempo no que actuou coma representante; adicionalmente a profesora Rebeca Díaz Redondo indica que lle parece excesivo o cese e máis lle parece unha sanción preventiva antes de ocorrer un comportamento indebido grave. O director aclara que respecta que tanto en reunións internas como na mesma comisión do GETT calquera persoa pode expresar e defender a súa postura individual pero que as persoas que exercen a responsabilidade de

representar ó DET deben limitarse a trasladar a posición ou posicións dos representados, non as súas persoais ou actuar de forma descoordinada co resto de representantes. Dado que estas circunstancias se produciron de forma reiterada no caso en cuestión e tendo falado tamén de forma tamén reiterada co interesado para solicitarlle que actuase en coordinación sen éxito, a dirección entendeu que a súa responsabilidade lle esixía tomar esta decisión. O profesor Javier González Castaño intervéñ para indicar que lle parece absurdo que se exclúa dunha comisión a unha persoa porque manifestase que vai a trasladar opinións persoais en outros foros, cousa que pode facer a título individual.

3. Aprobación, se procede, de senllos perfil e comisión de selección dunha praza de Profesor Titular de Universidade e de dúas prazas de Catedrático de Universidade.

Apróbanse, por asentimento, os perfís e comisións de selección:

- Para a praza de PTU (anexo I) os propostos polo profesor Sergio Herrería Alonso.
 - Para as dúas prazas de CU, ben os propostos pola profesora Rebeca Díaz Redondo (anexo II) se a documentación de María Soledad García Valls que aceptou formar parte do tribunal chegase a tempo, ben, se non chegase a tempo, o proposto polo profesor Francisco Javier González Castaño (anexo III), quen xustifica a non paridade nos tribunais en escrito recibido pola dirección do departamento (anexo IV). A dirección agardará a enviar un ou outro tribunal á unidade departamental pola instrución da profesora Rebeca Díaz Redondo.
4. Aprobación, se procede, de solicitudes de docencia en simultaneidade para o segundo cuadrimestre.

O director presenta as tres solicitudes realizadas por D. David Candal Ventureira, D. Francisco de Arriba Pérez e D. Pablo Fondo Ferreiro. Nos dous últimos casos aclara que se atopan de estadia durante este curso académico en Porto e Aveiro respectivamente. Recíbense instrucións da vicerreitoría competente en materia de profesorado que, tras aclaracións da Xunta de Galicia (organismo financiador das súas axudas postdoutorais), indica que é posible compatibilizar a estadia e a docencia en simultaneidade. A dirección aclara que o profesor que actúa como IP deste financiamento (Francisco Javier González Castaño) xunto co resto de profesores que, amais del, actúan coma responsables da co-docencia (Felipe Gil Castiñeira e Enrique Costa Montenegro) informan que estes investigadores se desprazarán dende Portugal para atender os seus compromisos de docencia presencial en Vigo.

As tres solicitudes son aprobadas por asentimento.

5. Rogos e preguntas.

Non hai nin rogos nin preguntas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:31 do día 11 de xaneiro de 2023, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto e prace do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Luis E. Anido Rifón

Dr. D. Andrés Suárez González

Anexo I

Proposta de perfil e comisión de selección dunha praza de Profesor Titular de Universidade enviada polo profesor Sergio Herrería Alonso:

- Perfil: “Comunicación de Datos” e “Redes de Ordenadores” (ámbalas dúas do GETT)
- Presidente/a: Cándido A. López García (AET, UVIGO) / Rebeca P. Díaz Redondo (AET, UVIGO)
- Secretario/a: Sergio Herrería Alonso (AET, UVIGO) / M. Loreto Rodríguez Pardo (ATE, UVIGO)
- Vogal 1: Manuel Fernández Veiga (AET, UVIGO)
- Vogal 2: Ana Fernández Vilas (AET, UVIGO)
- Vogal 3: J. Carlos López Ardao (AET, UVIGO)
- Vogal 4: Cristina López Bravo (AET, UVIGO)
- Vogal 5: Miguel Rodríguez Pérez (AET, UVIGO)
- Vogal 6: Raúl F. Rodríguez Rubio (AET, UVIGO)

Anexo II

Proposta de senllos perfil e comisión de selección de dúas prazas de Catedrático de Universidade realizada pola profesora Rebeca Pilar Díaz Redondo:

Praza de Catedrático de Universidade 1

- Perfil: “Redes sen Fíos e Computación Ubicua” (MET)
- Presidente/a: F. Javier González Castaño (AET, UVIGO) / Carmen García Mateo (TSC, UVIGO)
- Secretario/a: Pedro S. Rodríguez Hernández (AET, UVIGO) / María Soledad García Valls (AET, UPV)
- Vogal 1: Joan García Haro (AET, UPC)
- Vogal 2: Matías Toril Genovéz (TSC, UMA)
- Vogal 3: Rebeca P. Díaz Rodondo (AET, UVIGO)
- Vogal 4: Lidia Fuentes Fernández (AET, UMA)
- Vogal 5: Ignacio Soto Campos (AET, UPM)
- Vogal 6: Juan Carlos Burguillo Rial (AET, UVIGO)

Praza de Catedrático de Universidade 2

- Perfil: “Tecnoloxías de Aplicación” (MET)
- Presidente/a: F. Javier González Castaño (AET, UVIGO) / Carmen García Mateo (TSC, UVIGO)
- Secretaria: Rebeca P. Díaz Rodondo (AET, UVIGO) / María Soledad García Valls (AET, UPV)
- Vogal 1: Joan García Haro (AET, UPC)
- Vogal 2: Matías Toril Genovéz (TSC, UMA)
- Vogal 3: Jordi Forné Muñoz (AET, UPCAT)
- Vogal 4: Lidia Fuentes Fernández (AET, UMA)
- Vogal 5: Ignacio Soto Campos (AET, UPM)
- Vogal 6: Juan Carlos Burguillo Rial (AET, UVIGO)

Anexo III

Proposta de senllos perfil e comisión de selección de dúas prazas de Catedrático de Universidade realizada polo profesor Francisco Javier González Castaño:

Praza de Catedrático de Universidade 1

- Perfil: “Redes sen Fíos e Computación Ubicua” (MET)
- Presidente/a: F. Javier González Castaño(AET, UVIGO) / Carmen García Mateo (TSC, UVIGO)
- Secretario/a: Pedro S. Rodríguez Hernández (AET, UVIGO) / Rebeca P. Díaz Rodondo (AET, UVIGO)
- Vogal 1: Joan García Haro (AET, UPC)
- Vogal 2: Matías Toril Genovéz (TSC, UMA)
- Vogal 3: Jordi Forné Muñoz (AET, UPCAT)
- Vogal 4: Lidia Fuentes Fernández (AET, UMA)
- Vogal 5: Ignacio Soto Campos (AET, UPM)
- Vogal 6: Juan Carlos Burguillo Rial (AET, UVIGO)

Praza de Catedrático de Universidade 2

- Perfil: “Tecnoloxías de Aplicación” (MET)
- Presidente/a: F. Javier González Castaño(AET, UVIGO) / Carmen García Mateo (TSC, UVIGO)
- Secretaria/o: Rebeca P. Díaz Rodondo (AET, UVIGO) / Pedro S. Rodríguez Hernández (AET, UVIGO)
- Vogal 1: Joan García Haro (AET, UPC)
- Vogal 2: Matías Toril Genovéz (TSC, UMA)
- Vogal 3: Jordi Forné Muñoz (AET, UPCAT)
- Vogal 4: Lidia Fuentes Fernández (AET, UMA)
- Vogal 5: Ignacio Soto Campos (AET, UPM)
- Vogal 6: Juan Carlos Burguillo Rial (AET, UVIGO)

Anexo IV

En el Área de Ingeniería Telemática actualmente sólo hay en España tres mujeres catedráticas de universidad:

- Doña Rebeca Pilar Díaz Redondo (Universidade de Vigo),
- Doña Lidia Fuentes Fernández (Universidad de Málaga),
- Doña María Soledad García Valls (Universidad Politécnica de Valencia).

Se ha intentado recabar la participación de Doña María Soledad García Valls hasta el día anterior del consejo de departamento, sin que se haya conseguido.

Por eso, en ambos tribunales se incluyen únicamente dos catedráticas del Área de Ingeniería Telemática en la propuesta de tribunal, las dos que garantizan su disponibilidad. A fin de incrementar la participación de mujeres más allá de esta circunstancia, se ha invitado a una tercera catedrática de un área afín, Doña Carmen García Mateo, por existir una relación significativa entre su área de trabajo y el perfil de las áreas en cuestión, por estar asignada al mismo centro que las plazas, y por pertenecer al Departamento de Teoría de la Señal y Comunicaciones de la Universidad de Vigo (es la única catedrática de dicho departamento, de hecho), el departamento de nuestra universidad con mayores lazos con el Departamento de Ingeniería Telemática, lo que creemos que facilitará la conducción del tribunal.

Francisco Javier González Castaño